

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4768 *Real decreto 343/2010, do 19 de marzo, polo que se modifica o Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», aprobado polo Real decreto 88/2001, do 2 de febreiro.*

O artigo 4.1.n) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, considera como negocios e contratos excluídos aqueles en virtude dos cales se encargue a unha entidade que, conforme o sinalado no artigo 24.6 da propia lei, teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico, a realización dunha determinada prestación. A non suxeición do encargo á Lei 30/2007, do 30 de outubro, realízase en consonancia coa doutrina da subministración doméstica («in house providing»), que constitúe o reflexo lóxico da lexitimidade dunha determinada opción organizativa dos servizos públicos, e que non debe interpretarse como unha vía de escape da disciplina contractual na medida en que os contratos que realice, pola súa vez, a entidade considerada medio propio con terceiros para executar o encargo están suxeitos ás normas da lei.

O artigo 24.6 da citada Lei 30/2007, do 30 de outubro, establece que «os entes, organismos e entidades do sector público poderán ser considerados medios propios e servizos técnicos daqueles poderes adxudicadores para os cales realicen a parte esencial da súa actividade cando estes teñan sobre eles un control análogo ao que poidan exercer sobre os seus propios servizos». A lei precisa (establecendo unha presunción «iuris et de iure») que se dá aquela situación de control cando os poderes adxudicadores lles poidan conferir a aqueles «encomendas de xestión que sexan de execución obrigatoria para eles de acordo con instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante e cuxa retribución se fixe por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública de que dependan», sen prexuízo de que poida, eventualmente, considerarse que tamén concorre noutros supostos.

Así mesmo, o citado artigo establece que a condición de medio propio e servizo técnico das entidades que cumpran os criterios mencionados neste punto deberá recoñecerse expresamente pola norma que as cree ou polos seus estatutos, que deberán determinar as entidades respecto das cales teñen esta condición e precisar o réxime das encomendas que se lles poidan conferir ou as condicións en que poderán adxudicárselles contratos, e determinará para elas a imposibilidade de participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores dos que sexan medios propios, sen prexuízo de que, cando non concorra ningún licitador, se lles poida encargar a execución da prestación obxecto delas.

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» cumpre os criterios mencionados no artigo 24.6 da citada Lei 30/2007, do 30 de outubro, respecto do Ministerio de Defensa, pois realiza a parte esencial da súa actividade para o citado departamento, exercendo este un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos, polo que se considera necesario asignarlle a tal organismo a condición de medio propio e servizo técnico do Estado.

Por outra parte, nos últimos anos ditáronse numerosas disposicións que afectan o réxime xurídico básico do Instituto, derogando as anteriores, polo que se considera oportuno actualizar as referencias lexislativas. Así mesmo, a creación de novos departamentos ministeriais, ou cambios na estrutura orgánica básica dos xa existentes, obrigan a realizar as modificacións pertinentes. Por último, os novos grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira que introduciu o Estatuto básico do empregado público fan preciso modificar o réxime de persoal que se regula no Estatuto do Instituto.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Defensa, por proposta da ministra da Presidencia e da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», aprobado polo Real decreto 88/2001, do 2 de febreiro.*

O Estatuto do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA), aprobado polo Real decreto 88/2001, do 2 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. Réxime xurídico.

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» réxese polo disposto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; pola Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; pola Lei 30/2007, do 30 outubro, de contratos do sector público; pola Lei 47/2003, do 26 novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 33/2003, do 3 novembro, do patrimonio das administracións públicas; polo artigo 61 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; polo presente estatuto, e polas demais disposicións de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.»

Dous. As alíneas d) e i) do artigo 3.2 quedan redactadas do seguinte modo:

«d) A xestión e execución dos programas nacionais concretos que, polo seu contido tecnolóxico específico, nos ámbitos aeronáutico e espacial, lle sexan asignados pola Comisión Delegada do Goberno para Política Científica e Tecnolóxica, o Ministerio de Defensa ou outros organismos competentes da Administración xeral do Estado.

Atendendo ao obxecto institucional do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» e como organismo especializado nos asuntos relacionados coa aeronáutica e co espazo, o citado Instituto contribuirá á definición de obxectivos, programas e proxectos nestes ámbitos tecnolóxicos, e colaborará para a avaliación e seguimento deles cando llo demanden os organismos competentes.»

«i) Cantas outras actividades en relación coa representación en organizacións internacionais lle sexan encomendadas pola Comisión Delegada do Goberno para Política Científica e Tecnolóxica, o Ministerio de Defensa ou outros organismos da Administración xeral do Estado, no marco competencial establecido nos artigos 8.1, 8.2.d), 15.2 e na disposición adicional oitava da Lei 13/1986, do 14 de abril.»

Tres. O número 2 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» integrará nos seus plans, coa necesaria prioridade, as actividades de I + D de interese para a defensa nacional que lle sexan asignadas polo secretario de Estado de Defensa, por proposta do director xeral de Armamento e Material, de acordo coas atribucións que para ambos establece o Real decreto 1126/2008, do 4 xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa. Tales actividades, que se incluírán, en todo caso, no Plan Director de Investigación e Desenvolvemento de Defensa, poderán incluír propostas formuladas polo Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», segundo o disposto no artigo 3.2.h) anterior, e programas destinados a satisfacer necesidades directamente derivadas do proceso de planeamento da defensa militar.»

Catro. O parágrafo 2.º do artigo 6.2.b) queda redactado do seguinte modo:

«2.º Os programas nacionais que lle sexan asignados pola Comisión Delegada do Goberno para Política Científica e Tecnolóxica, o Ministerio de Defensa ou outros organismos competentes da Administración xeral do Estado.»

Cinco. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. Vogais do Consello Reitor.

Serán vogais do Consello Reitor:

- a) O xefe de Estado Maior do Exército do Aire.
- b) O director xeral de Asuntos Económicos do Ministerio de Defensa.
- c) O director xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.
- d) O xefe do Estado Maior Conxunto da Defensa.
- e) O xefe do Mando do Apoio Loxístico do Exército do Aire.
- f) O xefe da División de Plans do Estado Maior do Exército do Aire.
- g) Un representante do Ministerio de Ciencia e Innovación con categoría, polo menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento anteriormente citado.
- h) O director do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial do Ministerio de Ciencia e Innovación.
- i) Un representante do Ministerio de Economía e Facenda con categoría, polo menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento anteriormente citado.
- j) Un representante do Ministerio de Fomento con categoría, polo menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento anteriormente citado.
- k) Un representante do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con categoría, polo menos, de director xeral, nomeado polo ministro do departamento anteriormente citado.
- l) Un representante da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas nomeado polo seu Consello Reitor.
- m) Tres persoas de recoñecido prestixio científico-técnico nomeadas pola Secretaría de Estado de Defensa, por proposta do director xeral do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.»

Seis. As alíneas i) e j) do artigo 12.2 quedan redactadas do seguinte modo:

- «i) Actuar como órgano de contratación do Instituto, de acordo co preceptuado no artigo 291.2 da Lei 30/2007, do 30 outubro, logo de autorización, se é o caso, do ministro de Defensa ou do Consello de Ministros, segundo corresponda.
- j) Subscribir os acordos e convenios que sexan de interese para o Instituto, de conformidade co disposto no artigo 4.1 da Lei 30/2007, do 30 outubro, e no artigo 15 da Lei 13/1986, do 14 de abril.»

Sete. A alínea b) do artigo 12.4 queda redactada do seguinte modo:

«b) A Intervención Delegada, que dependerá funcionalmente da Intervención Xeral do Estado, exercerá o control interno da xestión económico-financieira do organismo nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro; o exercicio da Notaría Militar na forma e condicións establecidas polas leis e a emisión de cantos informes lle sexan requiridos na materia da súa competencia polos órganos directivos do Instituto.»

Oito. O artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 21. Réxime económico-financieiro.

O réxime orzamentario, económico-financieiro, de contabilidade, intervención e control financeiro será o establecido para os organismos autónomos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e demais disposicións vixentes sobre estas materias, de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

Sen prexuízo das competencias fiscalizadoras atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica, e polas demais leis que desenvolven as súas competencias, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» estará sometido ao control financeiro permanente e á auditoría anual de contas que será exercida pola Intervención Xeral do Estado de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 novembro.»

Nove. O artigo 23 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 23. Réxime de contratación.

1. A contratación do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» rexeráse pola lexislación de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 3 da Lei 30/2007, de 30 outubro, de contratos do sector público, e no artigo 49 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado

2. O director xeral do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» é o órgano de contratación do Instituto, e ten as prerrogativas contidas no artigo 194 da Lei 30/2007, do 30 outubro, de contratos do sector público.

3. O ministro de Defensa autorizará a formalización daqueles contratos cuxa contía exceda da previamente fixada por tal autoridade.

4. Os contratos de prestación de servizos de investigación que realice o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» rexeráse polas normas de dereito civil e mercantil que lles sexan de aplicación.

5. O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, e poderá asumir encomendas de xestión para a realización de actos de xestión relativos a programas de axudas ou actuacións referidas á promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, por parte do Ministerio de Defensa e dos demais departamentos ministeriais con competencias na materia.

As encomendas de xestión serán de execución obrigatoria para o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», retribuíranse mediante tarifas suxeitas ao réxime previsto no parágrafo seguinte, e comportarán a potestade para o órgano que confire o encargo de ditar as instrucións necesarias para a súa execución.

A tarifa ou a retribución da encomenda deberán cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o seu cálculo os custos directos e os indirectos, e marxes razoables, acordos co importe daquelas prestacións, para atender desviacións e imprevistos.

A contía da tarifa ou a retribución será fixada polo titular do Ministerio de Defensa.

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», actuando co carácter de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, non poderá participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adjudicadores pertencentes a esta, sen prexuízo de que, cando non concorra ningún licitador, se lle poida encargar a execución da prestación obxecto delas.»

Dez. A alínea a) do artigo 24.1 queda redactada do seguinte modo:

«a) De conformidade co establecido na disposición transitoria terceira, 2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, os funcionarios das seguintes escalas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas»:

1.º Grupo A, subgrupo A1:

Científicos superiores do INTA.

Científicos especializados do INTA.

Titulados superiores de servizos do INTA.

2.º Grupo A, subgrupo A2:

Titulados técnicos especializados do INTA.

3.º Grupo C, subgrupo C1:

Especialistas de aviación do INTA (a extinguir).

Analistas e operadores de laboratorio do INTA.
Persoal de taller do INTA (a extinguir).
Delineantes proxectistas do INTA (a extinguir).

4.º Grupo C, subgrupo C2:

Preparadores de laboratorio do INTA.
Calcadores do INTA (a extinguir).

Este persoal réxese polo disposto na normativa xeral de aplicación aos funcionarios civís da Administración xeral do Estado e, no que non se opoña a esta normativa, pola súa normativa específica.»

Once. O número 2 do artigo 24 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» poderá formar nas súas instalacións cantos bolseiros e persoal investigador se consideren oportunos, de acordo coas súas dispoñibilidades e capacidade formativa, a través de bolsas de formación e de axudas para a formación financiadas polos orzamentos do propio Instituto, ou por fondos de programas nacionais, da Unión Europea, das comunidades autónomas ou doutras entidades.

Así mesmo, logo de subscripción do pertinente convenio con outros organismos públicos, o Instituto poderá admitir alumnos en prácticas co obxecto de completar os seus ciclos formativos.

Tanto os bolseiros como os alumnos en prácticas non terán vinculación xurídico-laboral co Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas», e someteranse ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa de aplicación, así como ás bases reguladoras de concesión das bolsas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ